

20.000 DÍAS NA TERRA

[Iain Forsyth/Jane Pollard, 2014]

14

ESTREA EN NUMAX: 02.05.2015 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

20.000 Days on Earth (2014, 97')

Dirección: Iain Forsyth e Jane Pollard

Guión: Iain Forsyth, Jane Pollard e Nick Cave

Coa participación de: Nick Cave, Susie Cave, Warren Ellis, Darian Leader, Ray Winstone, Blixa Bargeld, Kylie Minogue, Arthur Cave, Earl Cave

Montaxe: Jonathan Amos

Son: Kevin Paul

Fotografía: Erik Wilson

Música: Nick Cave, Warren Ellis

Dirección de arte: Ben Ansell, Lucy Hayley

Produtora: Corniche Pictures (Reino Unido), BFI (Reino Unido), Film4 (Reino Unido), Pulse Films (Reino Unido)

Distribuidora: Avalon, Yedra Films

Data de estrea: 19.09.2014 (Reino Unido)

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Who Is Gil Scott-Heron?, 2015

Do You Love Me Like I Love You?,

2009-2011 (14 filmes

de 40 minutos para DVD)

«Este día é asemade
máis e menos real,
máis e menos verdadeiro,
máis e menos
interesante ca outro
calquera, dependendo
de como o vexas»

Nick Cave

SINOPSE

Ficción e realidade combínanse en 24 horas ficticias na vida do músico e icono cultural internacional Nick Cave. Con ideas abraiantemente francas e un retrato íntimo do proceso artístico, o filme examina aquilo que nos fai ser como somos e celebra o poder transformador do espírito creativo.



20.000 DÍAS NA TERRA

[Iain Forsyth/Jane Pollard, 2014]

Como di o propio Cave dos directores debutantes Iain Forsyth e Jane Polard, «Sempre me gustou como se aproximaban ás cousas de xeito pouco ortodoxo, e a nivel persoal, sempre nos levamos moi ben. Convideinos a que filmaran algo de material promocional para o meu novo disco, e ao cabo, o material era tan abraiante que decidimos ampliar a idea».

20.000 días na Terra afonda en como o mito, a memoria, o amor e a perda moldean as nosas vidas cada día. Unha liña no caderno onde Cave escribe os seus temas onde figuraba un cálculo dos días que levaba vivo deunos o título para o filme. O filme afonda no proceso de creación de Nick, até deitar luz sobre o cerne do seu traballo.

Vánsenos presentando os seus achegados, o músico e colaborador Warren Ellis, o actor e colega Ray Winstone, o antigo Bad Seed Blixa Bargeld e Kylie Minogue, con quen fixo dúo en «Where The Wild Roses Grow». Cave conta que «non vira a Blixa desde había anos até que sentamos os dous no coche e comezamos a falar. Nunca lle preguntara por que deixou os Bad Seeds, por exemplo. Con Kylie foi igual. Estas escenas foron dando coa súa propia tensión dramática. A de Kylie, por caso, posúe algo agarimoso que vai medrando ao nos decatarmos de que non podemos ver as expresións dos rostros e que a cámara si que pode».

Entramos no gabinete do psicoanalista Darian Leader, no que Cave volve sobre como os seus primeiros anos continúan a ter influencia no seu traballo.

«Nas partes de imaxes de arquivo, sentei aló un par de días ollando para as fotos e falando delas, cheguei a esquecer a cámara e ao final iso deu nesa natureza esvaída que posúen esas escenas». Esta parte de arquivo foi a que inspirou o proxecto irmao do «Museum of Important Shit».

20.000 días na Terra estreouse en Sundance 2014 e levou os premios á mellor dirección e montaxe documental.

Notas tiradas da páxina oficial do filme en <http://www.20000daysonearth.com/film/>
Tradución do inglés orixinal:
Ramiro Ledo Cordeiro

MATERIAIS

LIBROS DE NICK CAVE NA LIBRARÍA NUMAX

La canción de la bolsa para el mareo. Sexto Piso
Y el asno vio al ángel. Pre-Textos
The Complete Lyrics 1978-2013. Penguin
And The Ass Saw The Angel. Penguin
The Death Of Bunny Munro. Faber and Faber

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org